

O TEMPO DE TRABALLO, A DEBATE EN OURENSE NUNHAS XORNADAS ORGANIZADAS POLO SIMA E UGT

O secretario xeral de UGT-Galicia avoga por unha redución de xornada por lei porque deixar esta medida só en mans da negociación colectiva podería limitala ás grandes empresas nas que existe unha cultura sindical forte

Redacción.- A Fundación SiMA e UGT organizaron este luns en Ourense unha xornada sobre "Tempo de traballo: debate e reflexión sobre os seus límites e dereitos na negociación colectiva" na que participaron o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez; o vicesecretario xeral de Política Sindical de UGT, Fernando Luján; o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco; Jon Bernat, profesor adxunto de Economía Aplicada da Universidade do País Vasco; Carolina Martínez, catedrática de Dereito do Traballo da Universidade de Oviedo; Patricia Ruíz, secretaria confederal de UGT e vicepresidenta do SIMA; Beatriz Losada, directora da fundación SIMA; Antía Sández, presidenta do CGRL; e José Carlos Rodríguez, secretario de Política Institucional de UGT-Galicia.

Na súa intervención, o secretario xeral de UGT-Galicia emprazou esta xornada na demanda que está a facer UGT sobre a diminución do tempo de traballo. Reivindicación directamente relacionada co sentir maioritario dunha sociedade que está a pedir protexer máis a súa saúde, reducir os niveis de estrés e ter máis tempo para compartir cos achegados.

Cando todo isto forma parte dunha demanda colectiva, non son entendibles as

opinións en contra de certos sectores limitados, precisou. Ao respecto, rebatiu a idea da CEOE de que a redución da xornada debe ir á negociación colectiva. Ao que Gómez responde que "levamos 40 anos cunha xornada de 40 horas e, a través da negociación colectiva, só se conseguiron reducir estas cifras naquelas empresas, normalmente de grandes dimensións, con organizacións sindicais fortes" pero "que sucede no resto", preguntouse. Pois, na maioría, porque non se pode esquecer que este é un país de PEMES, as reducións nestes 40 anos ou son inexistentes ou moi leves.

Ademais, engadiu, tamén urxe un control efectivo da xornada que coa lexislación actual tense demostrado que non o é. Neste senso, UGT vén de presentar unha demanda ante o Comité de Dereitos Sociais da UE na que se esixe que se abonen as horas extras, polo menos, o 25% da ordinaria.

Tamén rebateu o argumento da CEOE referido ao dano que a medida podería ter sobre a produtividade. Así, referiuse ao Informe sobre a regulación da xornada de traballo en Europa e en España da Universidade Autónoma de Madrid no que se conclúe que os países máis produtivos de



Europa teñen xornadas máis cortas e salarios máis altos.

Considera que, ademais, o contexto actual permite avanzar nesta medida pola significativa marxe de beneficios empresariais e argumentou que se trata dunha medida que axudará á creación de emprego e, como xa se apuntou, beneficiará á saúde das persoas traballadoras e redundará na liña de seguir pechando as brechas de xénero.

Pola súa banda, Pedro Blanco, na súa intervención fixo unha férrea defensa do diálogo social, polo que o Goberno apostou dende o comezo, como a ferramenta máis importante para conseguir a dignificación e a protección da clase traballadora, relatando os logros conseguidos, e apostou por seguir esta liña de traballo.

UGT-VIGO CELEBRA O XXVIII ENCONTRO SINDICAL DA MULLER

Redacción.- UGT-Vigo organizou este mércores o XXVIII Encontro sindical da muller, nesta edición baixo o lema "Xuntas na loita, fortes na unión!".

No encontro participaron a secretaria de Igualdade de UGT-Vigo, Laura Ameiz; o secretario xeral de UGT-Vigo, Ernesto Fontanes; a vicesecretaria confederal de UGT, Cristina Antón; a secretaria de Igualdade de UGT-Galicia, Trinidad Campos; a que fora secretaria de Estado de Igualdade, Laura Seara; o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez; e unha representución do Concello de Vigo, organismo que colabora con este

encontro.

Nas diversas ponencias e debates que se abriron, volvéuse a poñer enriba da mesa a necesidade de traballar pola igualdade real entre mulleres e homes que, aínda que recoñecendo os avances destes últimos anos, segue a ser unha asignatura pendente na que hai que

traballar.



Ao respecto, José Antonio Gómez sentenciou que sen igualdade, non hai liberdade e non se pode garantir un mundo xusto. Recoñeu que si se avanzou, fixo un balance do conseguido no contexto do diálogo social, acordo de pensións, subida SMI, reforma laboral ou medidas concretas no eido da conciliación. Todos estes son avances xerais pero que benefician ás mulleres pola natureza dos mesmos.

Aínda así, queda moito por percorrer. Hai que seguir traballando dende a base, no eido educativo; en materia de violencia de xénero e acoso, que segue a ser unha das grandes lacras da sociedade; e seguen a existir sectores fortemente feminizados con condicións moi precarias, como as traballadoras de axuda a domicilio ou empregadas do fogar.

Indicou que a día de hoxe estase a deba-

ter sobre a redución da xornada laboral, unha medida que beneficiaría a toda a sociedade polos seus numerosos retornos pero que tería importantes achegas para as mulleres, que a día de hoxe seguen a ser as que soportan na súa maioría os coidados.

Pola súa banda, tanto Campos como Antónanzas fixeron xirar as súas intervencións ao redor do futuro do emprego nun mundo dixitalizado: os sesgos de xénero e a IA. Neste senso, UGT propón, de cara a eliminar e reducir as discriminacións cara as mulleres coa IA, utilizar esta Intelixencia para deseñar “chatbots” que reduzan e eliminen as discriminacións. Para o cal, hai que propoñer ás empresas implicadas no desenvolvemento da IA proxectos que faciliten a igualdade; vixiar os efectos dos procesos de selección das empresas realizados a través da IA; evitar a perpetuación dos roles asociados a mulleres e homes; difundir

recursos para combater o ciberacoso como forma de violencia contra as mulleres; facilitar a promoción das mulleres a postos de investigación e desenvolvemento da IA; ou facilitar a formación aos negociadores en materia de IA e xénero.

En definitiva, a regulación e os procesos de negociación deben ir da man para garantir que os avances tecnolóxicos non se utilicen para crear desigualdade nin para danar ás persoas. Temos que ter a capacidade de reverter o uso da tecnoloxía poñendo ás persoas no centro, que a intelixencia artificial estea centrada no ser humano para garantir un alto nivel de protección da saúde, a seguridade, os dereitos fundamentais, a democracia e o Estado de Dereito e eliminando as desigualdades e repartindo o beneficio que xera a propia tecnoloxía, especialmente, a redución da xornada para conciliar vida persoal e familiar.

A FOLGA NA CRTVG, EN DEFENSA DA PRODUCCIÓN PROPIA E CONTRA A EXTERNALIZACIÓN, CONVÉRTESE EN INDEFINIDA

Redacción. - Dende este mércores a folga na CRTVG converteuse en indefinida, convocada en días alternos, os luns, mércores e venres de 11.30 a 13.00 horas.

Lembrar que esta folga, que xa leva varias xornadas acumuladas cun importante seguimento e que conseguiu paralizar a emisión do programa “O Termómetro”, está convocada en defensa da produción propia e contra a externalización que está a agravar a manipulación no ente público galego.

O programa “O Termómetro”, substituto de “A Revista”, foi o detonante da mobilización porque agora pasou a mans de produtoras externas. Esta folga vai acompañada dunha mobilización social máis ampla que se está a poñer de manifesto cunha campaña de recollida de sinaturas para respaldar a ILP “Liberemos á galega”, impulsada pola plataforma “Por unha CRTVG ao servizo do pobo”.



UGT FICA chama a CCOO de Industria a retomar a unidade de acción na negociación do XXI Convenio da Industria Química

Redacción. - FICA UGT empra a CCOO de Industria a que dea un paso atrás e retome a negociación do XXI Convenio Xeral da Industria Química, tras o preacordo alcanzado por FEIQUE e CCOO o pasado 9 de outubro á marxe da mesa negociadora. UGT FICA entende que o texto do preacordo non só supón a perda da cláusula de revisión salarial, senón que, ademais, debilita a posición negociadora da parte social.

Como xa se anunciou o pasado mércores, UGT FICA non vai asinar o preacordo de convenio colectivo acordado por CCOO de Industria e a patronal FEIQUE por considerar que o texto pactado acaba coa cláusula de revisión salarial total que veu protexendo aos traballadores e traballadoras do sector das desviacións de IPC dos últimos anos. Esta foi unha condición que ambos os sindicatos con-

sideramos como unha liña vermella durante todo o proceso negociador e que mesmo nos levou a ambos os sindicatos a defendela xudicialmente e a conseguir unha sentenza favorable que supuxo un 10,3% de incremento salarial no convenio aínda vixente.

UGT FICA empra a CCOO a retomar a unidade de acción que se practicou no pasado e que ata este mércores viña sendo un principio fundamental co que, xuntos, conseguimos importantes avances nas condicións laborais das persoas traballadoras ata converter o convenio do sector químico nun referente.

A Federación espera que CCOO de Industria reconsidere a súa posición, regrese á mesa de negociación e non execute a firma dun convenio de eficacia limitada que vai su-

poñer a perda da cláusula de revisión salarial tal e como a viñemos aplicando ata o de agora, é dicir, sen toques que delimiten a súa eficacia e prexudiquen os intereses dos traballadores e traballadoras do sector.

Ademais, a firma deste preacordo vai dar máis argumentos ao resto de patronais para que imiten a FEIQUE e busquen a división dos sindicatos no seu afán por conseguir maiores recortes nas condicións laborais dos traballadores, trasladando a perigosa mensaxe de que, ao dividir á parte social, van saír gañando. Estamos convencidos de que se CCOO de Industria non decidise negociar en solitario coa patronal e mantívase a unidade de acción ata o final, ambos os sindicatos conseguiríamos un preacordo digno, preservando a cláusula de revisión salarial sen toques.

UGT REXEITA A PROPOSTA DA PRESIDENTA DA COMISIÓN EUROPEA SOBRE A CREACIÓN DE "CENTROS DE RETORNO" DE MIGRANTES FÓRA DA UE


Redacción.- UGT rexeita a proposta que contén a carta feita pública pola presidenta da Comisión Europea, previa á celebración do Consello Europeo dos días 17 e 18 de outubro. É inaceptable e incompatible cos valores da Unión Europea, e moi perigoso que sexan os postulados da ultradereita os que rexan a política de migración e asilo da Unión.

A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadoras lamenta que a idea desde hai anos mencionada en determinados documentos da Unión de imitar o modelo australiano de xestión da migración e o asilo, vaia a chegar ao Consello Europeo. Este é un paso máis nunha política de externalización das fronteiras exteriores na que a Unión Europea e os seus Estados membros eluden as súas obrigacións pagando a terceiros países nos que non só os dereitos humanos, senón en moitas ocasións as vidas das persoas migrantes e solici-

tantes de protección internacional, corren perigo.

A posibilidade da deslocalización a terceiros países da xestión dos procesos de asilo e inmigración podía intuírse en determinados contidos do Pacto Europeo de Migración e Asilo. Pero que con tanta claridade se formule unha proposta que se alía coas teses da ultradereita, é incompatible, non só cos valores da Unión Europea, senón co mínimo respecto aos dereitos humanos.

O contaxio que producen as ideas da ultradereita, en partidos, en gobernos e en políticas é preocupante e perigoso. Se a nivel nacional non puido aprobarse no Congreso dos Deputados unha reforma da Lei de Estranxeiría que trataba de asegurar a adecuada atención a persoas menores de idade, migrantes, pero menores de idade, e



de practicar a solidariedade entre comunidades autónomas, na Unión Europea agora tómasse como modelo a xestión da migración de gobernos que abertamente fan gala de postulados racistas.

UGT anima ao Goberno español a que na reunión do Consello Europeo non só mostre o seu rexeitamento a esta proposta, senón que avogue por políticas migratorias respectuosas cos dereitos humanos e coas normas internacionais.

O AXUSTE PRESUPOSTARIO EN ESPAÑA PODE POÑER EN RISCO O APOIO ÁS TRANSICIÓNS VERDE E DIXITAL

Redacción.- Ven de darse a coñecer a senda de gasto que o Goberno de España debe remitir á Comisión Europea (CE) para cumprir coas regras fiscais trazadas na última reforma da gobernanza europea e sobre cuxas pésimas consecuencias xa advertiu UGT. Non se remitiu o plan nacional fiscal-estrutural a medio prazo, ao non alcanzarse un acordo para aprobar os Orzamentos nacionais, que deberá ser aprobado polo Consello previo informe positivo do propio Executivo europeo.

Como primeira cuestión, UGT denuncia a falta de transparencia coa que esta senda de gasto e o plan fiscal-estrutural se deseñaron. A pesar da reiterada petición para reunimos co Ministerio de Economía e expresar as prioridades do sindicato para o futuro a medio prazo da economía española, non recibimos ningunha resposta. Cabe lembrar aquí que o artigo 11 do Regulamento 2024/1263 esixe a adecuada consulta aos interlocutores sociais antes de presentar devandito plan.

Desde que o Goberno español recibise de forma privada a traxectoria de gasto esixida pola CE o pasado 21 de xuño, este deseñou unha senda que cumpra coas condicións impostas nas novas regras fiscais e que se expresa coas seguintes variables:

Traxectoria de gasto comprometida polo Goberno: crecemento de 3,7% en 2025, do 3,4% de media ata 2028, e do 3% de media

ata 2031.

Obxectivo de déficit comprometido polo Goberno: acabar 2024 con menos do 3% de déficit sobre PIB, 2,5% en 2025 e 0,8% de déficit sobre PIB en 2031.

Asumindo ditas referencias establecidas polo Executivo español, e tendo en conta que o gasto crecerá menos que o PIB nominal esperado, pode considerarse que o Goberno adoptará unha política restritiva para os próximos anos. Ademais, o crecemento do PIB axudará a un previsible incremento dos ingresos fiscais. Se o gasto non aproveita boa parte destes recursos dispoñibles, estarase a restar capacidade de impulso á economía española. Isto é o que pode concluírse do anuncio de contención do déficit público, que baixará do 3,6% actual ao 0,8%, máis que suficiente para cumprir coas regras fiscais, as cales obrigan a situar o devandito déficit por baixo do 3%.

As medidas concretas que o documento oficial que o Executivo debe mandar á Comisión non son aínda coñecidas.

Ademais destas partidas, a diminución do déficit nun total do 2,8% do PIB para o plan de 7 anos supoñería non dedicar devandito gasto a algunhas partidas de emerxencia social como o Orzamento para a política de vivenda, o cal se demostrou insuficiente para atallar as necesidades reais da poboación española,

ou para outras que vaian dedicadas a cubrir as necesidades dunha economía que aspira a cumprir coas transicións verde e dixital.

Un estudo da Confederación Europea de Sindicatos (CES) estimou que, coa desaparición do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) a partir de 2027, serán necesarios entre uns 300 e 420 miles de millóns de euros adicionais (un 2,1-2,9% do PIB da Unión Europea) para cumprir coas necesidades de investimento que requiren os obxectivos verdes e sociais para os distintos Estados membro.

UGT coñece os problemas asociados que pode conlevar unha débeda excesiva. Con todo, entendemos que a maneira de superalos non debe pasar por un estrangulamento da economía e das políticas sociais que, a longo prazo, teñen consecuencias aínda máis negativas, como ben se comprobou durante as políticas de austeridade vividas hai unha década e as que se implementaron durante a recesión, e que produciron un efecto procíclico, profundando as consecuencias negativas da crise financeira. Tal e como sinala (aínda que só parcialmente) Draghi no informe publicado sobre o futuro da competitividade europea, a Unión necesita un instrumento de financiamento conxunto que continúe o desenvolvemento promovido polo MRR e que implique a todos os Estados membro e aos axentes sociais na identificación das prioridades da Unión.